

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN MANUEL MARÍA DE ESTUDOS GALEGOS E A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS PARA A DIFUSIÓN DA OBRA DE MANUEL MARÍA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, Jacobo Sutil Nesta, na súa calidade de director da **Axencia Galega das Industrias Culturais** (no sucesivo Agadic), con NIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude do acordo do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicado no Diario Oficial de Galicia o 29.08.2012).

E da outra, Alberte Ansedo Estraviz, en calidade de presidente e en nome e representación da **Fundación Manuel María de Estudos Galegos** (no sucesivo a Fundación), con NIF G70109376 con sede na rúa Javier Fonte, 1, portal D, 1ºA, 15.001– A Coruña, de acordo co Título catro, artigo 18 dos estatutos da fundación,

EXPOÑEN

I. Que A Agadic, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública autonómica, adscrita á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, cuxo obxecto é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da dita Lei. Entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar



actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

A Agadic, a través da súa unidade de produción de teatro denominada Centro Dramático Galego (no sucesivo CDG), integrado no Departamento de Producción Teatral da Axencia, produce espectáculos de teatro, ben directamente ou ben en réxime de coprodución con outras compañías e institucións, públicas ou privadas. Estes espectáculos son exhibidos fundamentalmente no Salón Teatro, sede do CDG, así como en calquera outro espazo e/ou recinto escénico co que se estableza o oportuno acordo de exhibición.

II. Que a Fundación Manuel María de Estudos Galegos foi constituída perante notario mediante escritura outorgada o 20 de marzo de 2007. Foi declarada de interese galego mediante Orde da Consellaría de Cultura e Deporte de 11 de Xuño de 2007 (DOG nº 122, de 26 de xuño). A Consellaría de Cultura e Deporte exerce o protectorado sobre ela, conforme á Orde da Consellaría de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza de 22 de maio de 2007 (DOG nº 103 de maio de 2007). Figura inscrita no Rexistro Único de Fundacións co número 2007/06.

A Fundación ten como obxecto xeral a conservación e difusión da obra de Manuel María e a promoción da cultura galega en xeral. Dende o ano 2018, en execución dos seus fins fundacionais, vén convocando o *Certame Manuel María de Proxectos Teatrais*, un concurso bienal dirixido a compañías galegas de teatro que ten por obxecto premiar a mellor proposta escénica sobre textos do dito autor. Neste sentido, a Fundación ten especial interese en dotar de viabilidade ao proxecto gañador deste Certame, establecendo sinerxías con outros axentes culturais e entidades públicas e aproveitando a posta en común de recursos.

III. A figura de Manuel María foi fundamental para a restauración da lingua e literatura galegas nos anos da posguerra, sendo o primeiro autor novo que publicou un libro en galego tras a guerra civil (*Muiñeiro de brétemas*, 1950). O seu corpus literario comprende máis de cen obras de poesía, narrativa e teatro. A súa obra poética constitúe un dos territorios creativos máis ricos da literatura galega. A súa obra foi recoñecida con numerosos premios, entre os que destacan o Premio Otero Pedrayo -que outorgan as catro deputacións galegas-, o Pedrón de Ouro, o premio Celanova, casa dos poetas, e o premio Irmandade do Libro, así como o título de Fillo Adoptivo de varias cidades e vilas e Fillo Predilecto da súa vila natal, Outeiro de Rei. No ano 2003 entrou na Real Academia Galega (RAG), cargo para o que xa fora proposto en 1968 polos académicos Xosé María Álvarez Blázquez, Fermín Bouza-Brei e Francisco Vales Villamarín. No ano 2016 a RAG designouno como o autor ao que se lle dedicou o Día das Letras Galegas.



O recoñecemento público de Manuel María como poeta non debe ocultar o seu abondoso e acertado cultivo do teatro. O escritor chairego, consciente do seu valor didáctico, deixounos escritas máis de 30 pezas dramáticas de moi distinto formato (farsas, autos, pezas infantís...) e de temática moi variada, que o converten nun dos dramaturgos galegos máis prolíficos. Estas circunstancias fan aconsellábel a colaboración mutua das institucións públicas e privadas para a difusión deste importante legado literario.

IV. Os obxectivos do *Certame Manuel María de Proxectos Teatrais* atópanse en liña cos fins da Agadic consistentes en garantir o progreso da cultura galega, impulsar a participación, consolidación e cooperación das empresas e profesionais na produción, creación, conservación, difusión e comercialización do patrimonio cultural galego ou favorecer a creación e produción artística e cultural e fomentar a demanda de produtos culturais na sociedade galega.

Neste sentido, a Agadic considera que colaborar no desenvolvemento do proxecto gañador do antedito Certame favorece o cumprimento das súas funcións, como son favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador do mercado e os que achegan á cultura galega innovacións creativas e ofertas de calidade de novas estéticas e linguaxes artísticos e en estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autores/as en canto subministradores de recursos inmateriais no proceso de produción.

Por todo o antedito, ambas as dúas institucións expresan a súa vontade de colaborar para difundir a obra de Manuel María para o que formalizan este convenio de colaboración segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

A finalidade deste convenio é a colaboración entre a Agadic e a Fundación na difusión da obra do autor Manuel María a través de actuacións concretas encamiñadas ao desenvolvemento e promoción da produción e representación da obra teatral baseada no proxecto gañador da IVª edición do *Certame Manuel María de Proxectos Teatrais*.



SEGUNDA.- OBRIGAS DAS PARTES E ACTUACIÓNS CONCRETAS

Mediante a sinatura deste convenio as partes adquiren as seguintes obrigas:

a) Obrigas da Fundación

- Convocar a IVª edición do *Certame Manuel María de Proxectos Teatrais* e mencionar nas súas bases a colaboración da Agadic, a través do Centro Dramático Galego.
- Comunicar as bases do devandito Certame antes da súa publicación á Agadic, que poderá propoñer cambios e melloras.
- Establecer nas bases da convocatoria do Certame un premio en metálico destinado exclusivamente ao desenvolvemento da produción da obra teatral baseada no proxecto gañador. Este premio correrá a cargo da Fundación e o seu importe nunca poderá ser inferior a catro mil euros (4.000,00 €), impostos incluídos.
- Incluír nas bases da convocatoria do Certame un premio consistente na coprodución coa Agadic, a través do CDG, da obra teatral baseada no proxecto gañador.
- Incluír como obriga da/s persoa/s ou entidade/s gañador/as a de levar a cabo dúas representacións da obra teatral resultante da coprodución coa Agadic nos lugares e datas definidos por esta.
- Comunicar á Agadic, a través dunha certificación, o nome do proxecto gañador, a/s persoa/s ou entidade/s que ostenten a súa titularidade e o seu número de identificación fiscal.
- Inserir en todos os materiais e publicidade (impresa, dixital ou audiovisual) do proxecto gañador da IVª edición do Certame, o nome e o logotipo da Agadic, facendo constar a súa colaboración a través do Centro Dramático Galego.
- Fomentar a programación da obra teatral en distintos Concellos de Galicia.

b) Obrigas da Agadic

- Coproducir a obra de teatro baseada no proxecto gañador, como parte do programa anual de actividades do CDG, condicionado, en todo caso, ao cumprimento por parte da entidade adxudicataria da dita coprodución dos requisitos establecidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Para este fin a Agadic destinará un importe máximo de quince mil euros (15.000,00 €), impostos incluídos.



No caso de que a Comisión de Selección considere que ningún dos proxectos presentados reúne as debidas condicións e declare deserto o Certame, a Agadic queda eximido do cumprimento desta obriga.

- Coordinar e definir os lugares e datas onde se celebrarán as dúas representacións ás que se obrigan ás persoas ou entidades titulares do proxecto gañador como contrapartida pola súa coprodución.

- Incluír en toda a publicidade e soportes materiais ou dixitais de difusión das mencionadas representacións o texto *"Obra gañadora do IVº Certame Manuel María de Proxectos Teatrais"*.

TERCEIRA.- VIXENCIA

A vixencia deste convenio comezará na data da súa sinatura e rematará na data de celebración da derradeira das dúas funcións programadas pola Agadic, dentro do prazo máximo dun ano dende a formalización do contrato de coprodución coas persoas ou entidades gañadoras do Certame.

As partes poderán denunciar ou modificar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo.

CUARTA.- COMPROMISOS ECONÓMICOS ASUMIDOS POLAS PARTES E DISTRIBUCIÓN DE INGRESOS

Este convenio non suporá intercambio económico algún entre as partes.

Os custos extraordinarios asumidos polas partes serán os derivados das obrigas expostas na cláusula segunda e afrontados cos orzamentos de cada institución.

Os ingresos derivados das actividades que se desenvolvan no eido deste convenio serán xestionados pola súa entidade organizadora.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio créase, de acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

A estes efectos, e no ámbito desta comisión mixta de seguimento, as partes manterán reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades levadas a cabo, nun proceso de colaboración mutua entre ambas.



3. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

Por parte da Fundación actuará como representante o seu presidente e pola da Agadic o coordinador do Departamento de Producción Teatral, ou persoas en quen deleguen.

A Comisión establecerá as súas normas internas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes. Así mesmo deberá levantar acta de todas as reunións por escrito coa sinatura dos representantes de ambas as partes.

A Comisión de seguimento traballará para garantir, coordinar e avaliar os obxectivos e resultados derivados da execución do presente convenio.

Esta Comisión tamén será a competente para as demais funcións que se lle asignen nas cláusulas deste convenio, das cales non poderá excederse, e de resolver, de xeito amistoso, os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na súa aplicación.

SEXTA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

As partes están obrigadas a relacionarse por medios electrónicos de acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

As comunicacións coa Xunta de Galicia – Agadic realizaranse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>), cuxo acceso requirirá a identificación do interesado ou do seu representante a través dun certificado electrónico asociado ao NIF.

As comunicacións coa fundación poderán realizarse mediante e-mail dirixido a contacto@casamuseomanuelmaria.gal

SÉTIMA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

A Fundación e a Agadic estarán obrigadas a gardar sxiilo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto deste convenio e chegasen ao seu coñecemento no seu desenvolvemento. Igualmente, non poderá transferir ningunha información sobre os traballos e os seus resultados, nin sobre a información facilitada polas partes para iniciar o obxecto deste convenio, sen a preceptiva autorización.

A Fundación e a Agadic deberán respectar o carácter confidencial da información a que teñan acceso con ocasión da execución do acordo que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal.

Información básica sobre protección de datos de carácter persoal:

1. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia –Agadic– coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive deste convenio.

Os datos de carácter persoal que deriven das actuacións desenvolvidas directamente polas entidades, serán tratados por esta na súa condición de responsable do tratamento.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeralproteccion-datos>.

3. Os datos recadados pola Agadic serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto deste convenio.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia, axustarase á dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

6. Así mesmo, as entidades convenientes someteranse ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Por parte da fundación a política de privacidade e protección de datos pode consultarse na web www.casamuseomanuelmaria.gal.

OITAVA. - TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

Ambas partes estarán obrigadas a subministrarse de xeito recíproco, logo de requirimento e nun prazo de dez días hábiles, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.



NOVENA. - PUBLICIDADE DO CONVENIO

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro (DOG núm. 30 do 15.02.2016) e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. A estes efectos, as partes asinantes prestan consentimento e autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio e o resto de especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, as partes asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, despois da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

1. Poderase modificar este convenio mediante acordo entre as partes sempre e cando estas modificacións beneficien a boa marcha das actividades e propicien a consecución dos fins e obxectivos de cada entidade. Calquera modificación deberá acordarse de xeito expreso e por escrito polas partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.
2. A Agadic e a Fundación poderán acordar en calquera momento resolución deste convenio. Igualmente, calquera das partes poderá denunciar este convenio, comunicándoo por escrito á outra parte, cunha antelación mínima de dous meses á data na que o vaia dar por rematado, no suposto de incumprimento dalgunha das súas cláusulas. En todo caso, as partes comprométense a finalizar as actividades que estean en curso. O incumprimento de calquera obrigas incluídas neste convenio determinará o vencemento do mesmo quedando sen efecto e extinguidas as obrigas asumidas polas partes.

DÉCIMO PRIMEIRA. – COMPETENCIAS E NATUREZA XURÍDICA

Este convenio non supón a renuncia das partes ás súas respectivas competencias.

Este convenio ten carácter administrativo e rexerase polas súas cláusulas e, no seu defecto, polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e demais normativa de aplicación.

Así mesmo, este convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben observaranse os seus principios para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.

DÉCIMO SEGUNDA.-INTERPRETACIÓN E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

As controversias que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que poidan derivarse do presente convenio resolveranse entre as partes a través da Comisión de Seguimento. No seu caso, ambas as dúas partes someterán as diverxencias que puideran presentarse



en orde á interpretación ou cumprimento do presente convenio á xurisdición contencioso-administrativa dos xulgados de Santiago de Compostela.

E en proba de conformidade de canto antecede asinan dixitalmente en Santiago de Compostela na data que figura á marxe.

Pola Fundación
Alberte Ansedo Estraviz
Presidente

Pola Agadic
O Consello Reitor
(P.D. do 24 de xullo de 2012)
Jacobo Sutil Nesta
O director

